



R revalida outra tempada o seu acordo de colaboración co Celta Integra

- ***O director da Fundación Celta e o director de R ratificaron o acordo na tenda R da rúa García Barbón de Vigo, acompañados por unha representación do equipo vigués.***
- ***O convenio renova a colaboración entre operador e club e subscribe outra vez o apoio de R ao equipo de fútbol Celta Integra para contribuír á mellora constante e á adaptación social do equipo e dos seus integrantes, do colectivo D.I. (con discapacidade intelectual).***

Venres, 24 de xaneiro de 2025.- O operador galego **R** e a Fundación Celta de Vigo escenificaron máis unha vez a renovación do acordo de colaboración empresa-entidade na tenda **R** da rúa García Barbón de Vigo. O encontro, encabezado polo director da Fundación olívica, Germán Arteta, o director de **R**, Alfredo Ramos, e Alberto García, membro do Padrodado da Fundación Celta, contou tamén coa presenza de xogadores e do corpo técnico do conxunto.

Deste xeito, **R** volve colaborar oficialmente co Celta Integra, que xoga en *LaLiga Genuine*, competición de equipos formados por persoas do colectivo D.I. (con discapacidade intelectual) e organizada por *LaLiga*.

O director de **R** expresou a súa satisfacción pola renovación deste acordo máis unha vez. Alfredo Ramos dixo que *“quen compomos o equipo R sentímonos moi honrados de achegar para construír unha sociedade máis solidaria, máis xusta e máis sa a todos os niveis. O Celta Integra ofrécenos esa oportunidade ano tras ano. Hoxe revalidamos, así, a nosa aposta compartida polo deporte, a deportividade, o xogo limpo, os hábitos saudables e, sobre todo, a integración social”*.

Germán Arteta quixo transmitir, en representación da Fundación e do equipo, o seu *“profundo agradecemento a R pola súa constante colaboración e respaldo incondicional. A súa contribución foi clave para potenciar a visibilidade do noso proxecto e fortalecer iniciativas que promoven a inclusión e o desenvolvemento dos nosos xogadores. Ademais destacou que “o seu compromiso non só impulsa os nosos obxectivos senón que tamén inspira a outros a unirse á nosa causa” (...)* *“Estamos ilusionados por seguir construíndo xuntos este camiño cara a un deporte máis inclusivo e diverso onde todos teñen a oportunidade de brillar. Grazas, unha vez máis por formar parte da nosa familia e por serdes un alicerce esencial dos nosos logros presentes e futuros”, concluíu.*

Pola súa banda Alberto García, membro do padroado da Fundación Celta, amosou a súa gratitude a **R** e animouno a seguir apoiando esta iniciativa: “O soño destes mozos e mozas é desfrutar do fútbol, e é a nosa responsabilidade darlles a oportunidade de facelo nunha contorna tan especial como a do R.C Celta. Grazas por axudarnos a manter vivo este proxecto, que non só ten un impacto deportivo senón tamén un profundo valor social grazas ao traballo que realiza a Fundación Celta para favorecer a inclusión. Espero que sigades moitos anos máis connosco contribuindo a facer realidade estes soños”.



Para a integración completa do colectivo D.I.

Como colaborador do conxunto ata o remate da presente tempada 2024-25 de *LaLigaGenuine*, o logo de **R** estará presente no **equipamento deportivo dos xogadores** e do corpo técnico (manga dereita e peito das pezas), e figurará igualmente na **web do equipo**.

O acordo referenda ese interese común da Fundación Celta e **R** por promover a mellora constante e o crecemento e adaptación social do conxunto e das persoas que o conforman. Así mesmo, o operador galego dálle percorrido, acompañando o Celta Integra, á súa inquietude pola **colaboración social para contribuír á mellora de vida** dos/as habitantes de Galicia a todos os niveis.

Deportividade e valores compartidos: sete tempadas de *LaLiga Genuine*

O proxecto de *LaLiga Genuine*, que vincula fútbol e integración social, comezou a súa andaina da man de *LaLiga* hai sete tempadas. O campionato xógase na modalidade de Fútbol 8 (partidos de 4 partes de 10 minutos cada unha) e a tempada divídese en 4 fases, que se desenvolven en diferentes sedes.

Para que prime a deportividade na competición, onde participan conxuntos do colectivo D.I. (persoas con discapacidade intelectual), os clubs contan con **puntos que premian o xogo limpo**, ademais da puntuación polos resultados deportivos.

Sobre o Celta Integra

O proxecto do equipo nace coa idea de lles achegar a persoas con discapacidade intelectual as escolas da Fundación Celta como ferramenta de desenvolvemento, adaptación e integración, fomentando rutinas e hábitos de vida saudables a través da práctica do deporte. O obxectivo principal é non ser só un equipo de fútbol, senón conseguir un avance individual a nivel social e persoal, ser máis responsables e independentes.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa e móbil, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. R, marca recoñecida do grupo MasOrange, con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten presenza coa súa rede FTTH, que cobre xa 1,7 millóns de fogares e empresas. Ademais, o operador galego leva solucións 5G rural a lugares máis remotos onde non se puido acceder aínda con fibra óptica, contribuíndo sensiblemente a minorar a fenda dixital no territorio. (R.gal).

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal